




O FARELO

Nº3

Marzo de 2017

Prezo: 2 euros

XORNAL CULTURAL PARA O LECER

Encontro
gastronómico
entre Europa
e América



Páxina VIII

Xa non hai
obreiros para
as tortillas



Páxina XII

Cancioneiro
antropológico
de X.L. Foxo



Páxina XIII

Aniversario
do nacemento
de Evaristo
de Sela



Páxina XVI

Roteiro Carlos
Casares en
Ourense



Páxina XIII

Enterro do
Pai Velho en
Lindoso



Páxina XX

Humor

Páxina XXIV



Isabel e Ángeles Abelleira Premio de Pedagogía Marta Mata

Isabel e Ángeles Abelleira son dúas docentes que traballan no concello de Ames. Ambas as dúas recibiron o premio de Pedagogía Marta Mata da asociación catalana de mestres Rosa Sensat.

O motivo foi o seu libro *Os fíos de infantil*. In-

novArte Educación Infantil. Este traballo recolle parte das entradas do blog <https://innovarteinfantil.wordpress.com/> onde reflicten ideas, lexislación e accións educativas nos seus ámbitos, primaria e infantil.

[Entrevista na páxina III](#)



Opinión

Por Nicolás Xamardo

Professor Colaborador Honorífico UPV/EHU

Da identidade à norma, unha intervención que interpela

O libro que vem de publicar Laiovento, *Da identidade à norma*, e no que figurei como coautor, é un ensaio no que se analisam as estreitas relacións entre língua-identidade-nação, através dum percorrido histórico no que se mostra como durante mais de 250 anos foi dominante a identificação do galego com o português e como nos anos 70 do passado século, nos que o Instituto da Língua Galega começa a elaborar o que será a normativa chamada oficial, prodúcese uma ruptura com essa tradição e onde, desde posicións antilusistas, o espanhol se converte numa referencia notável. A análise de quatro jornais digitais em galego, a modo de balanço de quatro décadas de norma oficial, para conhecer os efectos desta política na língua galega, mostran que a normativa oficial colabora na condución do galego para um beco sem saída. Estes parecen ser os dados. Porém, no livro está presente outro proceso que, por ser de natureza subjectiva, escapase a uma interpretação centrada unicamente no texto. Vivência que, como é lógico, não a pode ter alguém, coma mim, que leva mais de 40 anos vivendo em EuskalHerria. O processo ao que me refiro é o experimentado pelo outro coautor, Vitor Vaqueiro.

Practicamente toda a sua obra literária

está escrita, essencialmente, na normativa oficial. Ben é certo que sempre desde posições críticas (com sentimentos encontrados) e mesmo com interrupções. No ano 2014, concorre ao VII Certame de Poesia Victoriano Taibo com *Palabras a Espártaco*, e, apesar de que a obra se considerou a de maior qualidade, por estar escrita "em português", foi discriminada, reduzida ao silêncio, ao apartheidlinguístico, pelos defensores da normativa oficial. Esta injustiça confirmou a Vitor na sua aposta pela normativa reintegracionista. Vai ser este processo subjectivo agachado, que somente se faz visível quando se materializar através de uma intervenção, o que tratarei de analisar neste artigo.

Para compreender a sua importância, devemos começar pelo miolo do mesmo, a decisão (crise, em grego), que é o acto essencial da pessoa pelo que esta se converte em sujeito; passando, coma diria Aristóteles, de bípede sem plumas a imortal.

A decisão tomase, precisamente, quando a lei, a norma, é questionada e entra em crise. À decisão chegamos sempre empurrados por uma contradição; é dizer, o que num momento sentíamos como diferente, como normal (normativa oficial-normativa reintegracionista), vivemolo agora coma



contraditório, como injusto (normativa oficial versus normativa reintegracionista). O dilema é a forma lógica sob a que se mostra a contradição: "ou normativa oficial ou normativa reintegracionista" ("O galego ou é galegoportuguês ou é galegocastelhano", em palavras de Carvalho Calero). Na dialéctica que suporta esta figura retórica estão presentes quatro conceitos: Lei ou Superego, Angústia, Coragem e Justiça.

Quando alguém põe em questão a chamada normativa oficial, esta reage dizendo que a normativa oficial é a lei e a lei há que cumprila. E que quem escreva em galego reintegracionista será castigado: ficará invisível para o mundo cultural, social e mediático galego. Esta ameaça, que cada quem tem já previamente interiorizada, provoca angústia na pessoa disposta a decidir. A angústia é um sentimento ambivalente que ou bem se transforma em medo e invita a ceder (a trair) e (neste caso) a ficar na normativa oficial ou bem, convertida em coragem, mediante a decisão, a forçar a si

tuação na procura da justiça: passe o que passe, escreverei em galego reintegrado.

A decisão actual também sobre o nosso imaginário e o nosso simbólico, base da nossa identidade. E dado que, como sustém Lacan, estes registos, (construídos socialmente e assumidos como próprios), são falsos, será o real, em forma de decisão (cindido o nosso imaginário e o nosso simbólico), o que dirá a verdade de quem somos e não de quem pensávamos ser. Neste caso, a decisão de rejeitar a norma da RAGILG e apostar na reintegracionista, será, sem duvida, o real de uma nova identidade pessoal.

A decisão visibilízase através da intervenção, que é a materialização desta; neste caso, o livro. O que busca o interveniente é interpelar; ou seja, fazer uma chamada à consciência daquelas pessoas que recebem a mensagem do ensaio. Busca, portanto, avisar do perigo no que se topam dois dos esteios centrais da nossa identidade, o Galego e a Galiza, condenados a desaparecer no espanhol e na Espanha, se não se reage a tempo. Ainda que sabemos que a interpelação sempre produz efeitos, o que não sabemos é em quem, como ou quando eles vão se materializar. Por isso dizemos que a interpelação é governada pelo azar. E por isso falamos de aposta para referirmos a esta intervenção, em forma de livro, que interpela.



Por Alejandra Seara

Xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra

Volando Voy Ribeira Sacra

Estamos moi satisfeitos co resultado da emisión programa "Volando Voy Ribeira Sacra" (Cuatro TV) e, especialmente, coa súa incalculable repercusión. Recibimos centos de felicitacións do público en xeral, de moitas empresas da zona e institucións. En pouco máis de 20 minutos, a publicación de agradecemento aos colaboradores que se publicou en Facebook rexistraba preto de 1.000 "Me gusta" e 200 comentarios de parabéns. As consultas na web ribeirasacra.org e en páxinas de empresas ou entidades relacionadas con Ribeira Sacra disparábanse a medida que avanzaba o capítulo. As estatísticas de Google Analytics amosaban un incremento no número de accesos ao portal de turismo de ribeirasacra.org dende as 23:00 horas do día 08/02 ás 13:00 h do día 09/02 dun 83%; 2.760 entradas de novos usuarios en pouco máis de 12 horas. Somos conscientes de que a Ribeira Sacra é moito máis do que se amosa no programa, pero temos que partir de que o formato basease en contar unha historia nunha paisaxe natural singular que no noso caso ten como elemento diferenciador a produción de viños en socacos de gran verticalidade. Non se trata dun spot

promocional, nin dun documental. É un capítulo dun exitoso programa televisivo que escolleu o viño como fío conductor. Unha emotiva homenaxe a quen apostou polo viño como dinamizador da economía



rural da Ribeira Sacra. O importante é que esta expectación a aproveitemos como filón para amosar todo o que non captaron as cámaras nesta ocasión: igrexas románicas, senlleros artesáns, rutas de sendeirismo, Camiños a Santiago... Se tivéssemos que citar unha pega é que unha das condicións que puxemos foi que non se cap-

tasen rótulos de empresas para non dar protagonismo a unhas empresas por riba das outras. A pesares de que o tiveron en conta e de que fomos testemuña permanente de como se repetiron tomas que quebrantaban ese requisito, certo é que si se enfocou un deles nun contexto no que e pretendía amosar a singularidade dunha

Anécdotas

Non recibíramos nun día tantos correos, mensaxes e chamadas solicitando información sobre a zona coma aconteceu hoxe, e iso xa é unha boa mostra de que a Ribeira Sacra calou en moitas persoas que descoñecían a súa existencia. Ese era, precisamente, o obxectivo final de ter xestionado a gravación deste programa. Por citar algunha das anécdotas ou historia da xornada: Un matrimonio con dous nenos de Valladolid que ían a pasar o Entroido en Verín e, logo de ver o programa onte, mudaron a súa idea e chamaron para planificar aquí unha estadia de 3 días. Un grupo que contactou dende Tenerife e que tiña previsto facer o Camiño Francés dende Sarria a Santiago en maio; tras coñecer a existencia da Ribeira Sacra adiantarán un día a súa chegada para poder baixar ata o Miño e facer un percorrido en catamarán con visita a unha adega. E coma esta outras moitas semellantes. A produtora púxose en contacto co Consorcio para confirmar os resultados da audiencia: 1.3000.000 espectadores; 7,5% de share (2 puntos máis que a media de CUATRO). Dan por acadado o obxectivo polo que decidiron adiantar a emisión, darlle un pulo á audiencia do programa. Ademais, "#RibeiraSacra" foi terceiro trending topic de España a pasada noite.



Entrevista

Por Ramón Mariño

Isabel e Ángeles Abelleira, mestras, premio de Pedagogía Marta Mata da asociación catalana de mestres Rosa Sensat

“A mellor escola é a que escoita aos nenos e ás nenas”

Isabel e Ángeles Abelleira son dúas docentes que traballan no concello de Ames. Ambas as dúas recibiron o premio de Pedagogía Marta Mata da asociación catalana de mestres Rosa Sensat. O motivo foi o seu libro *Os fíos de infantil. InnovArte Educación Infantil*. Este traballo recolle parte das entradas do blog <https://innovarteinfantil.wordpress.com/> onde reflicten ideas, lexislación e accións educativas nos seus ámbitos, primaria e infantil.

-Recibistes o premio Marta Mata polo voso libro *Os fíos de infantil. InnovArte Educación Infantil*. Dicides que os dous recollen experiencias de vida. Podedes describir esas experiencias de vida?

Temos recibido o Premio de Pedagogía Marta Mata da asociación catalá de mestres Rosa Sensat, un referente tanto a nivel iberoamericano como europeo. Unha grande parte da nosa autoformación profesional débemoslla ás lecturas que nacen en Rosa Sensat, entre outras a revista *Infancia*. Preferimos falar de experiencias de vida, todo iso que xurde na aula e que vai collendo corpo a través das aprendizaxes que acadamos mentres mantemos o interese por saber diso. Por iso son experiencias de vida, coas que medramos como persoas, como cidadás ou como membros dun grupo.

-Explicádeme cal foi o xermolo do blog. Que botabades en falta para sacar esta idea para adiante.

No ano 2009 volvemos á escola tras case dez anos fóra dela. Estivemos desenvolvendo outros labores relacionados coa formación do profesorado. Vimos que na escola entraran moitas cousas alleas como a sacralización das tecnoloxías ou a présa por introducir contidos non propios do currículo. Sempre dicimos que estivemos en estado de shock por tres meses, ata que en xaneiro de 2010 decidimos crear o blog *InnovArte Educación Infantil*. Escribimos cando cremos que algo precisa de poñerlle un zoom enriba e analizar polo miúdo os motivos polos que se fai, o que se pretende e o que en realidade se consegue.

-Sobre Internet, á parte dos debates



que se poidan ter sobre a súa influencia, como se podería aproveitar mellor para o terreo educativo infantil?

Aquí a resposta é contundente, non vemos a necesidade de contar coas tecnoloxías nas aulas de infantil, xa teñen dábondo fóra delas. Nestas idades o manipulativo, o xogo cos iguais e non cos adultos, a relación, mesmo o aburrimiento, é clave. Os nenos pequenos precisan doutras cousas. Nas nosas aulas hai ordenadores pero nunca para xogar nin para entreter, senón para comunicarnos ou para buscar información sobre algo.

-“O importante para nós, saír dos sendeiros consumistas nos que se converten as celebracións e vinculalos coa realidade facéndoo abrirose un pouco do egocentrismo propio destas idades,” isto en relación co Entroido. Pero, son os nenos tan egocéntricos?

O egocentrismo é unha das características definitorias destas idades, no sentido de que eles creñen o centro do mundo, non son quen de ver polos ollos dos demais nin de poñerse na pel dos outros. Por iso queremos sacalos dese pequeno mundo, de abrirose aos demais.

-Como deixarlles pegada aos nenos e nenas para que no futuro non caian no consumismo?

Calquera que teña contacto coa realidade, sabe que hai todo un mercado que ve a infancia como a súa diana e a escola ten que facer o posible para virar esta si-

tuación. Nós non podemos educar no consumismo. Isto ten que callar no día a día e nós, as persoas que os educamos, temos que ser os mellores exemplos.

-A día de hoxe, como profesoras, cal é o erro máis grave que cometen as persoas implicadas na formación, tanto educativa como persoal, dos nenos e nenas?

Por unha banda hai unha puerilización dos pequenos e por outra unha adultización deles anticipándolles situacións non propias das súas idades nin dos seus intereses. Poderíamos falar doutros riscos como o condicionados que están polas problemáticas adultas, da perigosa hipersexualización consentida por familias e escola.

-Volvendo ao voso blog, recolle unha serie de temas, desde arte, lexislación, música, opinións persoais etc. Como é a resposta que vos dan a esta iniciativa vosa?

Para nós é un pulo continuo, mesmo cando son discrepantes porque nos obriga a reflexionar moito máis. Cando un se mostra é como se se espise en público, polo que hai que ter argumentos para xustificar o que facemos, mesmo para as críticas. Isto foi o máis enriquecedor destes anos.

-Se tivesedes que resumir todo este traballo, á parte dos posts no libro, cales serían os puntos máis sinalados para vós?

Escribimos o libro porque tras sete

anos escribindo o blog, decatámonos que había xente que nos seguía, pero non sabía cales son os principios que nós defendemos. Houbo un momento no que sentimos o pánico de que nos estabamos a converter nun produto de consumo máis. Por iso escribimos o libro, a mellor maneira de volver a recordar que é o que nos trouxo ata aquí.

Así no libro establecemos vinte puntos que teñen que estar presentes na práctica educativa infantil. Sen ter que ver coas tecnoloxías, emprendemento ou adobios similares.

-Como se sente na educación diaria dos nenos e nenas toda a marea de leis, reformas, idas e vidas sobre a educación?

O que sucede dentro das aulas pouco muda cos cambios lexislativos. Iso aféctalle aos aspectos máis burocráticos. Cando entras na aula cos teus rapaces, non hai lei que mude a túa maneira de facelo. É fundamental que na selección do profesorado e na súa formación os preparen para afrontar esas cinco horas. Os mestres cada vez sabemos máis de lexislación e menos de cultura, de vida e de ser persoas.

-Cal é a mellor escola?

A mellor escola é a que escoita aos nenos e nenas, a que escoita ás familias, a que escoita á sociedade e en base a iso ten claro cal é o tipo de persoas que quere formar. Hai que ter moi claro en que sociedade nos gustaría vivir, que vivan os nosos fillos e educar para lograla.

Miscelánea

Por Ramón Coira Luaces

En Memoria de Eduardo Blanco Amor



Como seguro sabedes, falamos dun escritor e xornalista galego que naceu en Ourense en 1897 e finou en Vigo en 1979. O seu pai abandonou o fogar cando el tiña tres anos. Foi un neno enfermizo de formación bastante autodidacta. En 1915, cando tiña 17 anos, comezou a traballar para El Diario de Ourense. Tratou a Vicente Risco -do que foi alumno- e participou nos seus faladoiros, deixándose influenciar por este no que atinxe á defensa da cultura galega. En 1919 emigrou a Buenos Aires, onde entrou en contacto con intelectuais galegos da emigración, sendo director de El Despertar Gallego, órgano de expresión da Federación de Sociedades Gallegas Agrarias y Culturales, da que forma parte. Coñece e traba amizade con Ramón Suárez Picallo. En 1923 funda con Ramiro Isla Couto a revista Terra, redactada en galego. Participou e dirixiu tamén na revista galeguista Céltiga. E formou parte -entre outras publicacións- do diario argentino La Nación, onde coñece -entre outros- a Borges e a Ernesto Sábato. En 1927 publica a súa primeira obra: Os Nonnatos e, ao ano seguinte, o poemario Romances galegos. Retorna a Galicia durante un ano, 6 concretamente en 1928,



como correspondente do xornal La Nación e coñece a Castelao e a outros intelectuais do Partido Galeguista e da revista Nós. Escribse Poema en catro tempos, publicado en 1931. Retornando de novo entre os anos 1933 e 1935, cando coñece e traba amizade con Federico García Lorca, convencéndoo para que este publicase os seus Seis

poemas galegos.

Defendeu en Arxentina a legalidade republicana. En 1956 publica o libro de poemas Cancioneiro e en 1959 A esmorga, unha novela coa que renovou a narrativa galega. Según algún crítico, nesta obra, na que só fala un reo, o silencio do xuíz representa a xordeira da xustiza e o seu papel represor e castigador. En 1965 regresa definitivamente a Galicia. Previamente, en 1962, publicara o libro de relatos Os biosbardos. Dez anos despois, en 1972, publica a novela Xente ao lonxe e ingresa na Real Academia Galega. Nas súas obras recrea o seu Ourense natal, ao que chama Auria. Nos últimos anos fixo varias obras teatrais: Farsas para títeres e Teatro prá xente. A parte da súa coñecida homosexualidade, hai que destacar a súa afección á fotografía e ao seu legado de 3.000 fotos. En 1993 adicouselle o Día das Letras Galegas. E, actualmente, celebramos o 120º aniversario do seu nacemento. Este poema é da súa obra Cancioneiro:

CORAL A CASTELAO

Por ti cante o sol ledo
e a montaña senlleira,
a estrela tecedeira
e o fero e doce mar.
Por ti cante o arboredo,
o grau na sementeira,
a rosa na roseira
e o paxaro no ar.

Laude a ti, gabanza a ti, Galiza en ti
máis forte e máis fermosa.
O Verbo en ti, a esperanza en ti,
xuremos: ¡Terra a Nosa!

Fidel á tua promesa
no alén do teu roteiro
o canto mañanceiro
da Patria estase a ouvir.
No sulco, viva, acesa,
tua voz, xérmolo inteiro,
irmán, ronsel, guieiro,
tua voz: noso porvir.

Laude a ti, gabanza a ti, Galiza en ti
máis forte e máis fermosa.
O Verbo en ti, a esperanza en ti,
xuremos: ¡Terra a Nosa!

(Música do mestre Pedro Antolín. Estrenado polo Coro Castelao do Centro Galego de Caracas)

O noso Eido
Exposicións en: Amparo e Compostela, Pórtico do Río, Ourense e Pontevedra, Barrios e Casas de Ourense.
RESERVAS: Ana 651 040 534 Cole 646 424 968
Telf. 986 050 313 Rúa da Fraga, 5 SALVATEIRA DE MIÑO (PO)

**TAPERÍA
A BRASA**
Nova xerencia
Comidas - Tapas variadas
Churrasco mixto - Vinos - Refrescos
Estrada 120 - Telf: 620 858 560 - 600 839 646
SAN LORENZO DE OLIVEIRA - PONTEAREAS

Seguimos ofrecéndolles
información interesante
na nosa WEB
www.novasdoeixoatlantico.com
Visítennos
EIXOATLANTICO
JORNAL GALEGO PONTAGUEIRO DE GALICIA

www.novasdoeixoatlantico.com

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdoeixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdoeixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:
GALIZA: Rocio Rodríguez - Montserrat Rodríguez - Porto Ucha - Raquel Vázquez - C. Méixome - M. Xiraldez - M. Rguez. Alonso - X. Maure - Uxío Breogán - Pérez Lema - X. Glez. Mtnez. - M. Bragado - B. Iglesias (Mero) - Nemesio Barxa - Andrea Goro - Anxo Mena - I. Otero Varela - Susi Rodríguez - Jesús Losada Dorado - Isidoro Gracia - Roberto Carlos Mirás - Rafael José Adalid - Laura de Cáceres - Kiko Neves - Ramón Mariño - Manuel Estévez - PORTUGAL: Viale Moutinho - Manso Preto - Isabel Varela - Manuel Gonçalves - João Martinho - MADRID: Juan Louzán - BARCELONA: Fdez. Valdeorra - PAIS BASCO: Nicolás Xamardo - CANARIAS: Fco. Puñal - NOVA IORQUE: Fco. Álvarez (Koki).
Fotografía: Hernández - A. Gutiérrez - M. Preto - Jesús Losada Dorado - Dpto. Propio.
Humor: Tokio, Martirena - Pepe Carreiro - X. Marín - Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) - Ignacio Hortas - Francisco Puñal - Felix Ronda - Fuco Prado - Sex - Ortífus (España) - Omar Pérez (Galicia) - Mauricio Parra (Colombia) - Cébula (Polonia) - J.Bosco e Fernández (Brasil) - Marlene - Pohle (Arxentina) - Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



**Xornal Cultural
para o Lecer**

Redacción SANTIAGO

Macy Gray e Maika Makovski, primeiros dous concertos do ciclo Voices en Pontevedra

O ciclo VOICES vivirá a súa primeira edición nos vindeiros meses, e nace co obxectivo de achegar a Pontevedra a algunhas das mellores voces nacionais e internacionais; dende as máis clásicas ás máis vangardistas, tentando recoller as voces máis salientables do panorama musical actual nun contexto de programación aberto ás voces galegas.

Macy Gray

Nada e criada en Ohaio, Macy Gray, a primeira voz do ciclo 'Voices', comezou a despuntar cando o século XXI arrincaba co lanzamento en 1999, con tan só 20 anos de idade, do seu primeiro álbum, 'On How Life Is'. peza exquisita gravada mentres MacyGray estudaba na Universidade de Ca-



lifornia.

Co seu single 'I Try' conseguiu un Grammy á mellor intérprete feminina, un premio co que comezaba a lenda de quen hoxe é considerada como unha das voces máis importantes do neo-soul. Mentres o seu talento como cantante despuntaba, Macy Gray probaba sorte noutras lídeas e debuta como actriz en 2002 nas películas 'Trining'Day' e 'Spiderman'. Actuou xa en máis dunha ducia de filmes entre os que se pode destacar a súa participación en 'The Paper boy'(2012) xunto a estrelas como Matthew McConaughey, Zac Efron, John Cusack ou Nicole Kidman.

Cunha carreira chea de éxito que inclúe varios Grammy e premios Billboard, Brit e

MTV Awards, ademais dunha cifra de vendas por encima dos 25 millóns de discos en todo o mundo, a integridade de Macy-Gray como artista permitiulle forxar unha carreira que conquistou por igual ao público e crítica ao redor do mundo. A súa música transcende xéneros, desde o experimental ao rock alternativo, pasando polo retro-disco e o hip-hop.

O último traballo discográfico de Macy Gray, 'The Way', reflicte o carácter indomable e enérxico dunha muller e artista que crece cada día e evoluciona constantemente.

Venda anticipada de entradas para o concerto de Macy Gray en Ataquilla.com a un prezo de 20€+ gastos. O propio día, de non esgotarse, na billeteira do auditorio a 24€.

Maika Makovski & Brossa Quartet

Tras catro anos sen gravar, volve Maika Makovski, que presentará no Pazo da Cultura de Pontevedra, venres 19 de maio ás nove da noite, o seu novo disco, Chinook Wind, no marco do ciclo Voices. Maika Makovski completa con este traballo discográfico un ciclo marcado por incursións no mundo do teatro, un tempo no que tamén actuou e compuxo música, e o fai da man dun vello compañeiro, John Parish (mano dereita de PJ Harvey nalgún dos seus mellores discos e produtor tamén doutros artistas como Eels ou Tracy Chapman) con quen xa tiña colaborado tras recibir a invitación para gravar no estudio de Bristol do afamado produtor británico o seu terceiro disco (Maika Makovski, 2010).

Volve con enerxías renovadas Maika Makovski, un remuíño escénico, un volcán de dimensións únicas na escena rock nacional, pero retorna, como algúns din, para rockear menos e cun disco –o seu sexto álbum– magnético, turbio e doce ao mesmo tempo. Chinook Wind é unha celebración de arte e sensibilidade, unha abraiante colección de cancións que beben da mesma fonte do seu talento extraordinario. Maika Makovski é unha estrela fascinante, unha rara avis... E esa é precisamente a maxia dunha personalidade imposible de clasificar e unha sensibilidade inspiradora, un caso único de artista total... Chinook Wind é unha selección de cancións que Maika Makovski, de nai andaluza e pai macedonio, compuxo tras regresar dunha viaxe a Macedonia na que explorou a fondo directamente nunhas raíces que ata daquela só coñecía dende a distancia; e o resultado desta “viaxe” materializouse no seu disco máis intimista, cunha produción moi espida, crúa, pero chea de personalidade e na que predomi-



nan os arranxos de corda e metais arroupano a súa voz, auténtica protagonista do disco.

Precisamente para a súa presentación en Pontevedra, Maika Makovski achega a este ciclo Voices unha singular proposta musical acompañada por membros de Brossa Quartet, cuarteto de cordas e colectivo instrumental catalán que busca en todas as súas propostas o diálogo entre diferentes disciplinas artísticas e estilos musicais, cunha frutífera traxectoria de máis dunha década baseada no achegamento á música clásica dende unha nova perspectiva, no compromiso coa música contemporánea e a estrea de autores actuais e na creación propia de músicas de gran transversalidade; así, os creadores de Brossa Quartet teñen promovido a colaboración con músicos de estilos tan diversos como o indie, o folk, o hip-hop, o tecnopop ou o rock e con artistas de disciplinas como a danza, o teatro, o cine e a literatura.

Makovski, a quen o xornal El País chegou a describir como “musa do underground e unha das voces con máis autoridade do rock español”, é unha polifacética artista, compositora, cantante e actriz, que xa amosou o seu talento e actitude dende moi nova, comezou a escribir cancións aos 12 anos e a actuar aos 14. O seu debut como actriz chegou na peza teatral Desaparecer (2011), coprotagonizada por Juan Echanove e dirixida por Calixto Bieito, con quen tamén colaboraría en Forest (2013). Maika Makovski, ademais do seu traballo como actriz, tamén foi a responsable da composición da música para ambas as dúas obras de teatro, obtendo o prestixioso Premio MAX á Mellor Composición Musical pola música de Forest.

As entradas anticipadas están á venda en ataquilla.com a 16 euros e no propio día, de non esgotarse, na billeteira do auditorio a 18 euros.

Ciclo As matinés do Principal

do 4 de marzo ao 4 de xuño actuarán Marlango, The Sadies, De Vacas, Delafé e Os Modernos

Fuxindo dalgúns dos tópicos dos formatos de programación matinais concibidas para un público fundamentalmente infantil, As Matinés do Principal buscan unha audiencia moito máis ampla e fomentar novos horarios de consumo cultural. Os concertos das Matinés do Principal están pensada para gozar en familia, entre amigos... Os cinco concertos comezarán todos ás 12.00 do mediodía e se celebrarán en fin de semana (catro sábados e un domingo), un horario asumible tanto para grupos familiares como para o cada vez máis numeroso público que reclama unha oferta de ocio diúrno con personalidade e de calidade.

A variedade das achegas musicais desta primeira edición Teatro Principal a artistas, músicos e grupos internacionais, nacionais e galegos de contrastada reputación, valía artística e orixinalidade. A inconfundible voz da actriz e cantante madrileña Leonor Walting, líder de Marlango, será a encargada de inaugurar “As Matinés do Principal” o sábado 4 de marzo co seu pop cheo de estilo e carácter ao que seguirá o sábado 1 de abril esa fusión de rock, country e blues de The Sadies, banda de culto canadense con máis de dúas décadas de experiencia e éxitos. Óscar D’Aniello (Delafé) presentará nas nosas matinés La fuerza indescriptible, o seu primeiro traballo en solitario tras máis dunha década envorcadado no proxecto Delafé y Las Flores Azules cuxo título define con precisión o carácter sobre o escenario deste músico e cantante catalán. Feitos en Galicia, propoñemos dous xeitos de achegamento a músicas “populares” dende perspectivas ben diferentes, como as de De Vacas e a súa orixinal visión para versionar coñecidos “temazos” que rescatan para todos os públicos cun formato fresco e divertido co que nos emocionan e fan rir a partes iguais, ou a Orquestra Os Modernos, un renovado rexistro musical das noites de verbena e as mañás de vermú con bailes como o foxtrot, baião, chotis, tango, rumba, muiñeira, xota, etc.; a Orquestra Os Modernos estarán secundados no seu concerto que clausura o ciclo o domingo 4 de xuño por Espiño (o novo proxecto musical do inqueda músico compostelán líder da banda Los Chavales, Alfonso Espiño que resultou recentemente gañador do certame Galicia Creativa da Fundación SGAE).

Cultura

Redacción A CORUÑA

Culturas presenta a programación de 2017 da Fundación Luis Seoane, que afondará no mundo editorial

O concelleiro de Culturas, Deporte e Coñecemento, José Manuel Sande, participou no Pazo de María Pita na presentación da programación para este ano 2017 da Fundación Luis Seoane.

O edil, presidente do Padroado da entidade, destacou o desenvolvemento de diversas actividades vencelladas á figura do intelectual así como pola aposta na vertente editorial do creador, que se verá reflectida no mes de outubro coa exposición Oitenta anos de 13 estampas da traición, unha exhibición comisariada por María Antonia Pérez e Silvia Longueira, directora do centro, co gallo do aniversario de publicación do primeiro álbum de Luis Seoane en Buenos Aires (1937), e Como se imprime un libro? Artes gráficas e impresores en Arxentina (1935-1955), comisariada por David Carballal, que presenta a época dourada da impresión no país sudamericano, un proxecto que pon o foco na relevancia do taller da imprenta no mundo editorial. Estas dúas mostras coincidirán tamén no tempo cunha intervención da artista galega Tamara Feijoo, pero antes, entre o 30 de xuño e 8 de outubro, Kiko Pérez e Carlos Maciá exporán a súa obra no re-



cinto da Cidade Vella.

Entre a programación aprobada polo Padroado que comezará nos próximos días, destacan as Conversas con Xavier Correa Corredoira, que teñen como punto de partida a mostra Os días pintados que a Fundación Luis Seoane acolle nas súas salas desde o pasado 27 de xaneiro. Así, desde o próximo 16 de febreiro e a até o 23 de marzo, sucederanse unha serie de mesas redondas arredor do recoñecido artista e a súa relación coa pintura ou a poesía. Nestas conversacións, que serán moderadas por Juna Martínez de la Colina, participarán Xavier Seoane, Ánxeles

Penas, Manolo Rivas, Lino Braxe, Vari Caramés, Berta Cáccamo ou Xosé Manuel Pereiro, entre outras personalidades. O ciclo pecharase o 31 de marzo, cun recital con Uka Maial, e unha sesión de debuxo impartida por Correa Corredoira os días 5 e 6 de abril.

A Fundación tamén promoverá este ano a visión do espazo como contedor cultural multidisciplinar, polo que a próxima semana porá en marcha, dentro do seu club literario, o ciclo Parellas literarias co obxectivo de analizar a vida persoal a pegada da obra de homes e mulleres que o coordinador, Eduardo Riestra, pón en relación. A serie de char-

las comezará cunha dobre sesión, os días 15 e 22 de febreiro, sobre a parella formada por Rosalía de Castro e Manuel Murguía, e revisará, en distintos mércores ata o mes de maio, figuras como Emilia Pardo Bazán, Benito Pérez Galdós ou Virginia e Leonard Woolf. As prazas para asistir ao ciclo son limitadas, polo que as persoas que desexen participar xa poden formalizar a súa matrícula e enviar a documentación, dispoñible na web www.fundacionluisseoane.gal, á dirección de correo electrónico info@fundacionluisseoane.gal.

Outra das novidades para este 2017 será Cara a cara, un programa coordinado por Marta Moreira e Antonio Martínez que ten como obxectivo crear un espazo de encontro entre oito artistas de diversas disciplinas, como as artes plásticas, a danza ou a mesmo a gastronomía. Estas xornadas terán lugar os venres, de 17.00 a 19.00 horas, desde o 3 de marzo até o 30 de xuño. O prazo de inscrición para esta actividade está aberto, e toda a información está a disposición das persoas interesadas na web da Fundación.

No mes de marzo tamén se porán en marcha iniciativas como Un berro fulgurante no espírito, un seminario dirixido

por Xoán Abeleira sobre André Bretón e a poética surrealista, e O Teatriño, proxecto de teatro de proximidade coordinado por Camilo Franco no que as actrices participantes poderán facer as interpretacións que elas mesmas decidan. Entre as artistas convidadas están Patricia de Lorenzo ou a compañía A Panadería.

O teatro tamén estará presente na Fundación a través de Esquema de Farsa, un programa que ten como finalidade presentar á veciñanza os textos teatrais de Luis Seoane. A proposta, que se desenvolverá en maio, estará dirixida por Lino Braxe. Ao igual que este taller, no mesmo mes desenvolverase Todo o que sei, un seminario teórico-práctico de guión cinematográfico con Juan Antonio Porto.

Contra o verán e o outono, desenvolveranse proxectos relacionados coa literatura, mundo audiovisual e arquitectura. Libreando, Live cinema e Eirón, que así se chaman os programas, estarán dirixidos ao público infantil. Finalmente, e de cara ao ano 2018, a directora da Fundación Luis Seoane, Silvia Longueira, avanzou que o centro acollerá exposicións de Paulo Bruscky, a primeira do artista brasileiro no Estado, e Pepe Galán.

O Concello da Coruña promocionará o Camiño Inglés en Reino Unido e Irlanda

O concelleiro de Emprego e Economía Social, Alberto Lema, que tamén ostenta a presidencia do Consorcio de Turismo da Coruña, anunciou a intención do Concello de promocionar o Camiño Inglés en Reino Unido e República de Irlanda, que pode ser "un importante polo de atracción turística e, polo tanto, de xeración de riqueza", como quedou referendado nas reunións que mantivo no marco da Feira Internacional de Turismo (Fitur), con responsables da Oficina Exterior de Turismo (OET) en Londres e Dublín.

O pasado decembro, o Cabildo de Santiago --a petición do propio Concello e de Turismo da Coruña, que aportou información ao

respecto-- aprobou que os e as peregrinas que fagan o traxecto do histórico Camiño Inglés entre A Coruña e Santiago poidan recibir a acreditación da Compostela, aínda sen que se cumpran, por motivos xeográficos, os habituais 100 quilómetros de percorrido necesarios para obter a citada distinción.

Lema, acompañado da xerente do Consorcio de Turismo, Lanza Calatayud, saudou que "o Camiño Inglés sexa entendido por todos e todas como un gran reclamo turístico, como dá exemplo o feito de que, a maiores da promoción que estamos decididos a levar a cabo dende o propio Concello, as propias oficinas de turismo exterior indicasen a

súa vontade de facer o mesmo". "Hai datos innegables, o primeiro que o turismo saxón está comezando a apostar dentro do Estado por novos reclamos, como os espazos verdes e o norte", explicou Lema, que tamén quixo destacar o crecemento dos e das visitantes irlandesas. "O ano pasado viñeron ao Estado Español 1,8 millóns de visitantes desta illa, que ten fortes lazos históricos e simbólicos con Galicia, e coa Coruña, algo que é preciso aproveitar". "A estratexia de promoción con Irlanda non só se centrará no Camiño Inglés, senón tamén nos vínculos sentimentais e

culturais entre ambas zonas", insistiu.

A maiores, con respecto da promoción do Camiño Inglés,



país poñan en marcha un plan de acción co que se implementarán melloras tanto na sinalización como na información e material divulgativo relativo a este camiño. Tamén se realizará unha primeira peregrinación, en colaboración coa Asociación Galega de Amigos do Camiño, e se volverá a promocionar o proxecto Navega o Camiño, para lograr a Compostela náutica a aqueles e aquelas que realicen unha travesía marítima en embarcacións de vela de, ao menos, 100 millas náuticas.

Redacción OURENSE

O PSdeG pregunta ao Goberno polo Museo Arqueolóxico

O senador socialista por Ourense, Luís García Mañá, pide ao Goberno do Estado explicacións e prazos en relación coa finalización das obras do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense e a posterior reapertura das súas instalacións.

Lembra o senador do PSOE que estas obras deron comezo hai xa 10 anos, e que levan varios paralizadas. Clausurada no seu momento toda actividade, abandonado agora o edificio que, mesmo, atópase "colonizado por diversas clases de flora entre os elementos da súa ornamentación", pregunta o senador polas previsións que o Goberno pode ter para a conclusión das obras e a súa reentrada en funcionamento. Á vez que lembra que o estado en que se acha non é o adecuado para un inmovible que está catalogado como patrimonial.



Faciana do Museo Arqueolóxico de Ourense.

O senador tamén pregunta ao Ministerio de Fomento sobre a Estación Intermodal do AVE, e a posibilidade de que o Goberno de España e o propio Ministerio contemplasen "favorecer a condicións de crecemento vital e económico da provincia e a cidade de Ourense, acometendo estas obras

ferroviarias nos máximos previstos co fin de desenvolver un anaco de territorio galego que languidece". Segundo García Mañá, a Estación Intermodal a construír "debería aproveitar para xerar unha nova centralidade na cidade e correxir a fractura que produciu o anterior trazado ferroviario".

O cadro de San Torcuato volve a Celanova logo de 172 anos

O día da festividade de san Rosendo, fundador do pobo, o mosteiro de Celanova recibiu da Deputación de Ourense o cadro de san Torcuato, que segundo historiadores data de finais do século XVIII e é de autoría anónima, e que foi devolto ao seu lugar de orixe.

O cadro é un do máis de medio centenar de obras desposuídas polo desamortización de Mendizabal, das que só se conservan catro: dúas propiedade da Deputación e outras dúas do Museo Arqueolóxico, e na que se mostra a imaxe de san Torcuato, discípulo do apóstolo Santiago e cuxos restos se atopan no mosteiro. A obra, situada preto do despacho presidencial da Deputación, foi pedida formalmente a finais de ano á entidade, e o presidente do organismo provincial amosouse receptivo a que volvea á súa orixe, como finalmente sucedeu para co-



O cadro pasou da Deputación ao mosteiro de san Rosendo.

localo na sede da Academia Auriense Mindoniense de San Rosendo, a sancristía monacal.

Ribadavia prepara a LIV Feira do Viño do Ribeiro

Ribadavia (Ourense) celebrará do 29 de abril ao 1 de maio a LIV Feira do Viño de O Ribeiro no recinto da alameda.

Participarán 11 adegas e 29 colleiteiros na exaltación e degustación dos viños do Ribeiro. Haberá cata popular, showcooks a cargo de recoñecidos coqueiros, gala que mistura humor e viños a través de monólogos, catas comentadas por sumilleres

profesionais e gala de entrega de premios da cata popular. Tamén se inclúen na programación: visitas guiadas ao futuro Museo do Viño de Galicia e ao castelo de Ribadavia, Sons do Viño (actuacións musicais en diversas rúas e prazas do conxunto histórico), xuntanza de bandas de gaitas, proposta gastronómica con furgonetas que ofrecen os seus produtos e exposicións dos cartéis da Feira do Viño do Ribeiro.

A organización prepara un curso da UNED exclusivo sobre temática do mundo do viño e do Ribeiro.

Tamén, actividades para os máis cativos (gastronomía, humor e diversión, manualidades, entretemento), Ribeiro Maxias (Espectáculos de maxia vencellado coa cultura do viño) e Ribeirolandia (zona infantil con infláveis e atraccións para rapaces).



A Feira do Viño de O Ribeiro ofrecerá unha rica actividade enogastronómica.

restaurantefeira.com

a Feira
Pulpería Taberna Gallega

Sebastián Aparicio, 4 . T. 988 68 66 28 . OURENSE
Irmáns Villar, 15 . T. 988 06 07 57 . OURENSE
Plaza del Carbayón, 4 . T. 984 84 27 57 . OVIEDO
San Bernardo, 23 . T. 985 09 01 17 . GIJÓN
Calle del Horno, 3 . T. 984 18 18 69 . GIJÓN
A Feira Posada. T. 985 57 86 64 . OVERO

Pulpo de Arcos en Ourense. Oviedo e Gijón

Maestro Pulpeiro

Gastronomía

Redacción OURENSE

Crónica de XANTAR 2017

Encontro gastronómico entre pobos e culturas de Europa e América

Xantar resultou un gran punto de encontro internacional para o turismo e a gastronomía. Ao redor de 24.000 visitas acompañaron na celebración da súa maioría de idade ao único salón especializado en turismo gastronómico de España con categoría de Feira Comercial Internacional. Con 232 expositores, 15 restaurantes e 21 menús e ofrecendo máis de 200 experiencias para vivir Xan-

dos con esta cita. Xantar 2017 volveu a contar coa fidelidade dos profesionais do sector e tamén do público xeral procedente tanto de Galicia como de Portugal e de provincias limítrofes, o que cumpre o obxectivo do salón de fomentar o turismo de proximidade a través da gastronomía. Celebrouse o día dedicado ás Illas Azores, á Federación Galega de Municipios e Provincias e aos municipios de Sober,



Acto da Orde do Camiño de Santiago.



Ourensáns degustando "sabores de Ourense".

tar?, o salón concluíu despois de cinco xornadas de intensa actividade que estiveron dirixidas a estreitar as relacións de cooperación transfronteiriza entre Galicia e Portugal, e iberoamericana a través do protagonismo de Panamá. Este país participou como convidado e únese á rede de socios estratéxicos de Expourense, do mesmo xeito que o fixeron antes países como México e Costa Rica que seguen involucra-

Vila de Cruces, Arnoia, O Barco de Valdeorras e Maceda. Todos os alcaldes presentes coincidiron en reivindicar o lugar que lle corresponde ao turismo rural e ao turismo de interior en Galicia.

Degustacións

O programa de actividades de Xantar presentou máis de 200 experiencias gastronómicas repartidas en tres aulas gastronómicas e unha de cata, cunha media de tres actividades

por hora de duración do salón, que foron seguidas por máis de 7.000 participantes, no seu maior parte profesionais do sector. Este programa incluíu exhibicións de cociña en directo na que participaron recoñecidos chefs de Galicia, Portugal, Panamá, Costa Rica e Colombia e nas que se puxeron en valor os produtos autóctonos e de calidade. Outra das actividades que despertaron o interese dos profesionais foron as máis

de 25 catas comentadas de produtos como o viño, licores, cervexas, queixos, chocolate e mel. Ofrecéronse máis de 50 degustacións dos expositores como as do

Galo de Curral de Vila de Cruces con viño de Amandi (Sober) e o botelo do Barco de Valdeorras, por citar algunhas das organizadas para a xornada de clausura.



Carlos Parra preparou o botelo de O Barco de Valdeorras.

Gastronomía

Redacción OURENSE

Portugal

Ademais do Día do Turismo Xantar dedicou unha xornada á rexión Porto e Norte de Portugal, o principal socio estratéxico de Expourense no país veciño. O presidente da Entidade de Turismo Porto e Norte, Melchior Moreira, reivindicou o lema de "dous países, un destino" para poñer en marcha accións conxuntas de promoción turística dunha

dos na dinamización do turismo de interior?. Celebrouse o día da Cámara Municipal de Braga e da Eurorocidade Chaves-Verín.

Lugo

Ademais da o Mar, celebrouse unha xornada dedicada á provincia de Lugo, que se incorpora a Xantar a través da Deputación contando con restaurante Alberto que ofreceu un menú co mellor da provincia.



Adegueiros de Adegas Vella (Abeleda. Ourense).



Restaurante O Castelo de Maceda.

Eurorrexión (Galicia-Norte de Portugal) que suma máis de 7 millóns de habitantes co obxectivo de "darlle máis visibilidade internacional?".

Tamén houbo un día dedicado á provincia de Zamora e contou coa presenza do vicepresidente da Deputación, José Luis Prieto, quen tamén indicou que "Zamora e Ourense non somos competencia, debemos ser alia-

Tamén foi o día da Mancomunidade Turística de Terras do Avia. O Norte de Portugal volveu ser protagonista coa celebración do día das Cámaras Municipais de Ponche de Lima, Vila Real, Ponche dá Barca e Caminha. Os representantes de todas elas destacaron as súas potencialidades, as excelencias da súa gastronomía e a súa proximidade a



Restaurante Alberto en representación de Lugo.



Alcaldes de O Barco, Sober e Maceda na clausura de Xantar.

Galicia, o que os converte nun mercado turístico natural para os galegos. Ponche de Lima participou por primeira vez cun restaurante que ofreceu pratos típicos como o Arroz de Sarra-bulho. Pola súa banda, Vila Real repetiu co seu restaurante Quinta do Paço, premiado nos Pratos de Ouro de Radio Turismo. Unha medalla de ouro fur para o

Mugardesa. Destacou tamén a degustación de pescada do petisco de Celeiro e do Pan dos Apóstolos ofrecida polo Concello de Viveiro que participou por primeira vez en Xantar e que xa mostrou o seu interese en repetir a experiencia.

Maceda

Foron entregados os Premios Especiais de Xantar, que naceron en 2014. Man-

Grupo Pulperías A Feira.

A Coruña

Por segundo ano consecutivo, a Deputación da Coruña realizou un importante despregamento na feira convidando aos concellos desta provincia para realizar showcookings de pratos tradicionais e únicos protagonistas de varias festas gastronómicas como é o caso das Filloas de Zas, as troitas de Oroso e o Polbo a

tivéronse desde entón e serven para recoñecer a aqueles expositores que presentan plusvalías á súa participación na feira ofrecendo sempre algo máis ou algo diferente aos visitantes. O premio á mellor caseta restaurante foi para o Concello de Maceda por ser o que contou coa nota máis alta na enquisa de satisfacción realizada aos visitantes.

Cultura

Redacción OURENSE



Cacería, de Prego, está exposto na Sala Valente no antigo Banco de España.

Recuperado o mural Cacería, o primeiro de Prego de Oliver

Cacería, o mural que Manuel Prego de Oliver pintou en 1946 para o cine Mary, poderase contemplar na sala Valente logo dun minucioso proceso de recuperación. Da primeira época do artista, trátase dunha obra complexa de conxunto, narrativa e dirixida a un espazo público (tardaría oito anos máis en volver facer un mural, para a estación de tren do Carballiño). Ten unhas di-

mensións de catro metros de ancho e dous de alto, e poderá ser contemplada até o 26 de febreiro xunto aos outros 111 lenzos, bocetos e debuxos do artista que se mostran na Sala Valente.

O alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, tivo palabras cariñosas para Manuel Prego, fillo do artista, e para Tere Amor, en representación da familia propietaria do Cine Mary -que ten

máis obras de Prego na sala-. "Temos dobre motivo de alegría: por un lado, a de recuperar o esplendor de Prego de Oliver e, pola outra, a de recuperar un dos espazos afectivos da cidade, como é o cine Mary, patrimonio sentimental desta cidade", dixo o rexedor. "Pechada como cine hai máis de 25 anos, rememoramos hoxe o seu vestíbulo contemplando esta obra, Cacería".

O mural "Neno con burro" cedido á cidade

O mural de Prego de Oliver que estaba no antigo hotel Parque foi cedido para o disfrute da cidade de Ourense. O presidente-conselleiro delegado de Copasa, José Luis Suárez; e o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez, asinaron o contrato de comodato que materializa esta cesión por un período de 10 anos, revisable cada dous anos. O mural "Neno con burro", de 3,72m x 1,40m e de incalculable valor simbólico para a cidade, ocupará o vestíbulo principal do Auditorio Municipal logo dunha laboriosa e minuciosa labor de restauración. Máis dun ano de traballo para devolverlle o esplendor a esta peza, seriamente deterio-

rada e con abundantes desperfectos que presentaba polo paso do tempo e o seu emplazamento nun lugar inadecuado para a súa conservación. A delicadeza do óleo aplicado como unha acuarela queda agora restaurada grazas a esa complexa, custosa e esixente labor de restauración.

Con esta cesión engrandecerase máis se cabe un proxecto singular, novidoso e interdisciplinar como foi e sigue sendo "Prego: 100 anos". Jesús Vázquez sinalou que "Ourense hai moito tempo que tiña unha débeda moral con este grandísimo artista ourensán que é Prego de Oliver. E hoxe toda a cidade ten unha débeda de gratitude con José Luis Suárez".



O mural de Prego foi restaurado o ano pasado.

VEN... TOMATE ESTA CAÑA

Sala de Fiestas Music-Hall
C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99 - 698 14 82 07

4€

100 CAMISETAS PERSONALIZADAS 299€

15 CAMISETAS PERSONALIZADAS 99€

Camisetas y Gorras

Orixe
 PUBLICIDADE COMUNICACIÓN

personalizadas desde una unidad

200 GORRAS PERSONALIZADAS 225€

100 GORRAS PERSONALIZADAS 160€

Tlf. 988 60 70 75

C/Francisco de Moure 20, Ourense
orixepublicidade@gmail.com - www.orixepublicidade.es

Redacción OURENSE

Roberto Fernández, premio Risco de Ciencias Sociais

O xurado da XXI edición do Premio Vicente Risco de Ciencias Sociais acordou maioritariamente conceder o premio a Roberto Fernández Álvarez polo traballo “Enfermos pobres, médicos tristes”.

O xurado valorou o tema centrado na figura do médico rural, escasamente abordado na bibliografía antropolóxica e sociolóxica en Galicia, así como o tratamento desta figura, esencial, na sanidade do medio rural, como a personificación da ciencia no mundo das crenzas tradicionais sobre a enfermidade. Tamén a representación da “autóritas” respectada por ser a figura que personifica

a saúde, sen esquecer que ademais aborda un interesante reflexo da sociedade rural e a súa evolución ao longo do século XX, antes da implantación do actual sistema de saúde. O xurado tamén valorou os traballos “Preguntado se El Rey hy avia algun directo”. “Luta por excedentes e Estado Feudal em Baião e Penaguião (1248-1279) e “Francisco Asorey, escultor galego”. O xurado recomenda a súa publicación en caso de que acepten os seus autores.

O xurado estivo composto por: Alberto Baptista e Octavio Sacramento en representación da UTAD-CETRAD; Teresa Devesa en representación do



Concello de Allariz; Manoel Carrete en representación do Concello de Castro Caldelas; José María Eguileta e Xosé Manoel Cid en representación da Fundación Vicente Risco. Actuou como secretario José María Eguileta con voto de calidade.

Fausta Cardoso, Premio Antón Risco de Literatura Fantástica

A obra “Dormir com Lisboa”, de Fausta Cardoso Pereira, levou o II Premio Antón Risco de Literatura Fantástica que recibirá 3000€ menos os impostos correspondentes e a publicación da obra. Asemade, o xurado tamén destacou como finalistas a igualdade de puntos, as obras presentadas baixo os títulos “O neno que soñaba coa lúa” e “Penumbra” as cales, logo de ser valoradas pola editora, poderán optar a seren publicadas, sempre que as súas autoras ou autores estean de acordo e contacten coa editora.

O xurado estivo composto por: Antonio Manuel Fraga, gañador da anterior edición; César Lorenzo Gil, crítico literario; Elisa Torres, da UTAD; Isabel Cristina Mateus, da Universidade do Minho; Montse Pena Presas, crítica literaria, e actuando como secretario sen voto Tomás González Ahola.



Reformarase o sistema eléctrico da catedral de Ourense

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, visitou a catedral de San Martiño de Ourense, onde anunciou que se acaba de licitar – segundo publicou o Diario Oficial de Galicia do pasado martes 14 de febreiro – a reforma xeral do sistema eléctrico deste templo. Román Rodríguez lembrou que nos últimos anos a Consellería ten investido xa máis de 1,6 millóns de euros, contía que ascende ata máis de 1,9 millóns tendo en conta as obras previstas, que atinxen á devandita reforma eléctrica.

Respecto da restauración da Portada Norte, o conselleiro celebrou que xa estean en marcha as obras. As actuacións previstas teñen como finalidade principal suprimir ou minimizar os factores de alteración actuais e evitar no posible os futuros; freando o deterioro tanto da portada como do rosetón. En concreto, realizaranse intervencións sobre os paramentos pétreos, o rosetón e a propia porta de acceso ao cruceiro por esa parte norte. No ámbito da portada e tímpano, as

limpezas terán como finalidade eliminar as sustancias que podan deteriorar o soporte, conservando as pátinas xeradas polo paso do tempo. No caso do rosetón, actuarase tanto sobre as pezas de labra de pedra granítica do mesmo, como sobre o acristalamento. Ademais, executaranse actuacións complementarias, como a corrección de pendentos na pavimentación exterior, co fin de que todo o conxunto recupere o seu esplendor.

No que atinxe á reforma do sistema eléctrico, as actuacións previstas centraranse en dotar de seguridade á instalación eléctrica da catedral, renovando a acometida, o cadro xeral e os cadros que estean en mal estado, así como o cableado deteriorado ou fóra de uso. Ademais, dotarase dunha iluminación axeitada e eficiente á Capela Maior, de xeito que se potencien os seus valores artísticos a través de novas luminarias led orientables sobre guías dunha cor neutra. Está previsto que o importe da intervención supere os 320.000 euros.

1,9 millóns

Coas previsións da obra en tramitación, a execución da inter-

Martiño elevaríase – como xa se dixo – a máis de 1,9 millóns de euros.

Neste sentido cómpre lembrar que se contribuíu á restauración do órgano catedralicio, e que se realizaron obras de restauración das pinturas murais e retablo do muro sur do Nártex, do Pórtico do Paraíso, da pintura do muro norte

da cidade das Burgas.

Así mesmo, o departamento dirixido por Román Rodríguez finalizou xa obras de acondicionamento do patio entre a nave e o edificio de cóngos e a restauración da decoración románica do templo, un dos elementos máis antigos deste templo, dun gran valor artístico e cultural, así



O conselleiro co bispo de Ourense e autoridades.

vención na Portada Norte e as obras xa executadas, o investimento da Consellería de Cultura e Educación na Catedral de San

do nártex, da Capela de San Xoán. Ademais, executáronse as obras da segunda fase de reparación das cubertas deste templo

como de indubidable para os visitantes. Ademais, o pasado ano acometeuse a restauración do retablo da Asunción.

Libros

Redacción MADRID

Xabier Seoane presenta "La dama de las sombras" na Casa de Galicia en Madrid

La dama de las sombras, unha biografía novelada sobre a angustia vital da poeta Rosalía de Castro, a versión ao castelán de "A dama da noite" realizada polo propio autor, o coruñés Xavier Seoane, e publicada por Reino de Cordelia, presentouse esta tarde na Delegación da Xunta en Madrid/Casa de Galicia, na véspera do 180 aniversario do nacemento de Rosalía. No acto interviñeron, ademais do autor, o escritor e deputado Miguelanxo Fernán Vello, a escritora Mariña Mayoral, o editor Jesús Egido, o presidente do Consello de Estado, José Manuel Romay Beccaría, que o presidiu e clausurou, e o delegado da Xunta de Galicia e director da Casa de Galicia, José Ramón Ónega López.

Ónega valorou que "escribiuse moito e ben sobre Rosalía, a nai das nosas letras, a matriarca que encheu de nostalxia, sentimento e estilo a poesía dunha terra onde naceu o sentimento e a alma, contada e cantada en poema". "La dama de las sombras" de Xavier Seoane é un canto á verdade dunha muller, como Rosalía, que é mito e realidade, que é sombra pero tamén luz", engadiu o delegado da Xunta sobre a novela presentada.

Egido sinalou que a obra "novela desde a agonía final de Rosalía a vida desta muller que se converteu nunha dos principais poetas do seu tempo e, por suposto, na escritora máis importante do romanticismo español", incidindo na súa importancia, "máis que literaria, social" e en "a súa relevancia como muller, adiantada á súa época que soubo relacionarse de igual a igual cos homes, mostrando unha altura intelectual moi por encima da media". "Niso, no seu personaxe social e humano, adiantouse con fartura á súa

época", mantivo.

A escritora lucense Mariña Mayoral apreciou que a pesar da abundante bibliografía que existe sobre Rosalía de Castro, aínda hai nela "espazos escuros, sobre todo no que se refire ao seu nacemento irregular, os seus primeiros anos de vida e a súa relación con Manuel Murguía". "Xavier Seoane destaca con habilidade narrativa o que se sabe con certeza sobre Rosalía e dá unha visión convincente e atractiva do que puido suceder neses espazos en sombra. A imaxe de Rosalía que nos ofrece, rompendo tópicos tradicionais, é a dun personaxe complexo, rico en matices e de gran fondura psicolóxica", valorou.

Fernán Vello, escritor, editor e deputado por Lugo, vinculou a Rosalía de Castro con Emily Dickinson, lembrando a súa contemporaneidade, que a primeira viviu de 1837 a 1885 e a segunda de 1830 a 1886, e afirmando que "as dúas son as máis grandes poetas, e non só poetas mulleres, do século XIX, de gran dimensión creativa no que concierne á lírica universal". Celebrou a calidade coa que a editorial elaborou o libro e apreciou que se trata dunha novela de "sinais sensitivos" na que "a emoción está creada como unha sorte de primeira linguaxe para os lectores e para o narrador".

Seoane explicou como xestou esta novela e a súa tradución así como a pluralidade de perspectivas dunha figura tan complexa como a de Rosalía de Castro: resaltou a súa preocupación social, referiuse a ela como "precursora do feminismo con-

Por Inma Otero Varela

Xa non hai obreiros para as tortillas

Fran Alonso, Terraza (Xerais, 2017)

Moito presta ler a Fran Alonso en pantalla, pero tamén se agradece cheirar os seus versos no papel. Autor de longa traxectoria en soporte convencional e tamén dixital, combina neste momento os seus chíos poéticos en twitter coa recente publicación do poemario que ocupa estas liñas co que volve, non é que o tivese abandonado de todo, á poesía do cotián que aparecía no seu primeiro Persianas, pedramol e outros nervios. O título xa o di todo, polo menos no que atinxe ao marco e ao material literario. O eu lírico apóstase na mesma mesa da mesma terraza no gonzo que abre a porta ao outono. Durante días escribe no seu caderno, para sorpresa de transeúntes, como vai pasando a vida. O coloquialismo do discurso demostra unha vez máis como os bos poetas fan castelos coas palabras de casoupa que sosteñen a meirande parte da nosa existencia. O parrafeo íntimo vai escribindo a socioloxía irrefutable que aniña en cada elemento do diario. A fugacidade dos contidos dos xornais que tentamos espantar a bategadas, as chularías sonoras das motos, as xanelas que dan respiros de mar no cemento, ou as pombas que peteiran nos restos das mesas á beira dos ácaros e dos móbiles, decoran un mosaico humano ollado cun certo pesimismo.

Van desfilando deste xeito chácharas insubstanciais que se nutren dos refugalllos cos que se enchen os dispositivos electrónicos, anciáns que só poden tomar o sol se pagan para que os saquen, mozos que falan co vento, veciñas irre-



coñecibles ou soidades compartidas que expoñen o seu ánimo "pouco entusiasmado coa vida" (p. 36). Máis percíbense tamén ausencias que din moito, como a dos obreiros parados que, xogando co título do seu segundo poemario publicado hai xa vinte anos, non precisan repoñer forzas en abrigos taberneiros. É case obrigado facer a crónica do que semella rutina irreversible porque "Escribindo poemas / sobre os que me rodean, / síntome como un axente / dos servizos de intelixencia / dun suposto / exército literario." (p. 48).



temporáneo" e comentou os lugares nos que viviu e a paisaxe que reflectiu, de Compostela e Padrón. "Rosalía é unha precursora da concepción social da arte do noso tempo e do feminismo contemporáneo", afirmou o autor da novela.

Finalmente, Romay Beccaría resaltou, en referencia a Rosalía, o "feito prodixioso de que unha muller, por primeira vez, sexa o cume dun idioma, especialmente tendo en conta aquela Galicia e aquela España. Logrou que o galego espertase para sempre do seu longa noite de pedra". Afirmou que ninguén expresou mellor que Rosalía o sentimento dos galegos pola súa terra e que "labrou versos incorruptibles e obrou o milagre de que a lingua galega perdurase no corazón dos galegos".

A novela, "de absoluta ficción pero rigorosamente documentada?", recibiu moi boas críticas, entre elas as do espazo "O ollo crítico", de Radio Nacional de España. Nela, Rosalía de Castro, enferma, enfrón-tase aos últimos momentos da súa vida e brotan os seus recordos.

Xavier Seoane é natural da Coruña. Estudou Filoloxía Románica en Compostela e desde 1975 compaxina a creación literaria, a crítica de arte e a animación cultural. Como poeta, en "Don do horizonte", de 1999, recompilou todos os seus libros de poesía escritos ata ese momento. Logo apareceron outros, como "Dársenas de ocaso", co que obtivo o premio da Crítica Española, ou "Umbral de Vida", premio Esquíu 1996. En narrativa, é autor, entre outros textos, de "Abre la puerta al marE", publicado en Reino de Cordelia, e de "A dama da noite", a novela presentada, que foi traducida por el mesmo ao castelán co título de "La dama de las sombras". A obra poética de Xavier Seoane foi traducida a varios idiomas e figura en múltiples antoloxías de poesía galega actual.

Redacción LUGO

Cancioneiro Antropológico de Xosé Lois Foxo

O deputado provincial, Pablo Rivera Capón, presentou o libro *Cancioneiro Antropológico, Quiroga, Ribas do Sil, Montañas do Lor* do escritor lucense Xosé Lois Foxo. Fíxoo xunto ao xornalista Xulio Xiz, o escritor Ricardo Locay Aira, e o xornalista Paco Rivera.

Rivera Capón sinalou que “este volume contribúe á divulgación e recuperación do noso patrimonio inmaterial, pois o grande traballo que realizou este veciño do Courel déixanos un legado incuestionable a prol da nosa cultura, ademais de ser un referente para os estudosos da musicoloxía galega”.

Ao rematar a presentación, a cantora de seitura e veciña de Quiroga, Argentina Rodríguez Pardo, interpretou varias cantigas tradicionais galegas que están incluídas dentro do libro *Cancioneiro Antropológico, Quiroga, Ribas do Sil, Montañas do Lor*.

Este volume é un resumo do extenso traballo de recollida do autor a máis de 300 persoas da comarca, que lle transmitiron as cantigas que forman parte da tradición oral desta comunidade. O libro contén un estudo antropológico,

literatura de cordel, perfil dos informantes, creación apócrifa, fontes de información, transferencias e tradición, vínculos xenéticos, historiografía dos gaiteros, documentación fotográfica, 4 CDs de audios, un DVD, e 500 cantigas.

Músicas do Courel

En total, son catro horas de cantares populares e breves conversas coas persoas que os interpretan. A edición complétase cun DVD de sesenta minutos de gravacións no que se reproducen con imaxe e son as actuacións de varios intérpretes. O libro, de 570 páxinas, recolle as letras e partituras de numerosas pezas populares de diferentes xéneros, entre elas destacan polo seu número os cantares de Reis, dos que hai cerca de setenta.

A obra tamén reúne cantares de seitura, de pastores ou romances, entre outras variantes. A este extenso acervo súmanse diversas pezas instrumentais que se encadran en xéneros tradicionais como a muiñeira.

O libro ofrece ademais diversas informacións de carácter etnográfico e histórico sobre as tradicións musicais destes muni-

cipios. O *Cancioneiro antropológico de Quiroga, Ribas de Sil e Montaña do Lor* é un paso máis no proxecto de estudo e recuperación da música tradicional da

zona sur da provincia de Lugo que Xosé Lois Foxo iniciou hai xa varias décadas.

Con anterioridade publicou *Músicas do Courel*, unha obra edi-

tada en tres volumes aparecidos en diferentes épocas, e posteriormente editou *Os últimos brindeiros de Forgas*, un libro-disco dedicado aos irmáns José e Álvaro Veloso Valcárcel, naturais do municipio da Pobra do Brollón, que mantiveron viva a tradición das coplas improvisadas.



Acto de presentación do Cancioneiro na Deputación de Lugo.

Redacción OURENSE

Ourense dedica un roteiro literario a Carlos Casares



Intervención de Vázquez Monxardín na presentación do roteiro no Parque de san Lázaro.

Presentaouse oficialmente o roteiro literario deste percorrido polos principais lugares nos que viviu o escritor e que aparecen sinalizadas con vinte placas de cerámica nas que se reproducen diversos fragmentos da súa obra. Na súa intervención, o conselleiro destacou que este roteiro ofrece a oportunidade de trasladarnos ao Ourense da infancia e xuventude do polifacético autor, ás rúas onde se forxou como persoa e como escritor. Foi precisamente nesta cidade onde Carlos Casares se iniciou na fascinación pola lectura e polo xornalismo, e onde comezou os seus primeiros contactos destacadas figuras do galeguismo histórico, entre eles Vicente Risco.

O conselleiro de cultura, Román Rodríguez, destacou as múltiples facetas de Casares como novelista, biógrafo, tradutor, xornalista, profesor, editor e xestor cultural, entre outros; pero sobre todo, subliñou o seu espí-

rito de diálogo e a defensa dun galeguismo “integrador, construtivo e respectuoso”. Concibido polo tamén escritor e investigador Afonso Vázquez-Monxardín, e co apoio da Fundación Carlos Casares, do Concello de Ourense e da Consellería de Cultura e Educación, o percorrido arranca no parque de San Lázaro, enfrente ao hotel Parque, onde o autor coñeceu a Risco, e pasa por outros puntos do casco histórico da cidade, pola praza Maior, e polo Seminario (onde Casares estudou), entre outros. O roteiro complétase coa edición de 2.500 folletos explicativos sobre o escritor.

A iniciativa forma parte da ampla programación que se desenvolverá ao longo deste ano sobre a figura de Carlos Casares e que abrangue exposicións itinerantes, lecturas públicas, ciclos de faladoiros, iniciativas en internet, simposios, edicións conmemorativas das súas obras e actividades de dinamización lingüística, entre outros.

Novas da Raia

Redacción O FARELO

Deputación de Pontevedra e CIM Alto Miño irán a Bruxelas se non é desbloqueada a candidatura "VISIT Río Miño"

Esta posición conxunta foi anunciada en Valençá, nunha conferencia de prensa na cal participaron o deputado de Mobilidade e Cooperación Transfronteiriza da Deputación de Pontevedra, Uxío Benítez, os alcaldes dos 16 concellos transfronteirizos do Sur da provincia, o presidente da CIM Alto Miño e os presidentes das cámaras do Norte de Portugal, que demostraron ao unísono, 'a enorme insatisfacción en torno ao tratamento que Madrid e Lisboa están a dar ao territorio transfronteirizo bañado polo río Miño.

O motivo é a non admisibilidade da candidatura 'VISIT Río Miño' – presentada, en xaneiro de 2016, ao POCTEP -, por ser presentada a través dunha Tarxeta de Cidadán (DNI en España) dun técnico debidamente acreditado pola CIM Alto Miño, e non polo propio presidente da entidade intermunicipal.

"Se hai proxecto que alberga a esencia de cooperación transfronteiriza, é este: un investimento total de 7,5 millóns de euros en prol da preservación e valorización do río Miño transfronteirizo como destino ecoturístico de excelencia.



O que non entendemos é que cuestións administrativas poidan decidir a vida das poboacións da fronteira sen ningún recoñecemento do traballo desenvolvido", afirmou o presidente da CIM Alto Miño. José María Costa explicou que "por unha cuestión formal de Tarxeta de Cidadán, burocratas de Lisboa e Madrid pon en dúbida o

traballo de 10 municipios portugueses, 16 galegos, dunha Comunidade Intermunicipal e dunha Deputación, con participación doutras entidades".

Desta forma, a CIM Alto Miño e a Deputación Pontevedra, decidiron solicitar aos Gobernos de Portugal e de España que sexa garantida, coa máxima urxencia,

a adecuada e definitiva resolución das cuestións relacionadas coa aprobación da candidatura "VISIT Río Miño", aínda durante o período normal previsto para a decisión da 1ª fase do POCTEP, ou sexa até 8 de marzo. No caso de que non sexan ouvidos, os alcaldes resérvanse ao dereito a recorrer a outras accións e iniciativas

conxuntas para continuar a defender os intereses das poboacións deste territorio transfronteirizo, podendo mesmo levar o asunto para a súa aceptación en Bruxelas.

Composto por catro actividades complementarias, o proxecto "VISIT Río Miño", pretende avanzar, a partir dunha marca "Río Miño" forte e competitiva, a creación dunha oferta turística a través de accións conxuntas, que van constituír unha maior valía a nivel da preservación dos seus espazos naturais.

A creación do Parque Transfronteirizo Castelinho-Fortaleza (Vila Nova de Cerveira-Tomiño) a través da construción dunha ponte peonil entre as dúas marxes do río Miño, integra esta candidatura, na cal os dous alcaldes, Fernando Nogueira e Sandra Gonzalez, reafirman un gran apoio para a súa aprobación, dada a importancia e o impacto na vida das poboacións e dos turistas.

Ao final da conferencia de prensa, e en forma de protesta, os alcaldes presentes fixeron unha fotografía de grupo, cada un empunhando o seu DNI.

XIII Xornadas para Igualdade en Allariz

O Concello de Allariz presentou a programación dunha nova edición das Xornadas para a Igualdade que terán lugar durante o mes de marzo. A concelleira de Benestar Social, Maribel Poisa, e a técnica de Igualdade, Ana Pérez, foron as encargadas da presentación na que explicaron a programación e os obxectivos das mesmas que xirarán, na XIII edición, "no encontro entre homes e mulleres coa fin de fomentar a igualdade, o respecto e a prevención da violencia de xénero". O Fogar dos Maiores acollerá, o día 8 de marzo, a inauguración das xornadas co visionamento do documental que dá título as mesmas "Re-Aprendendo a atoparnos..." Ata



Presentación das xornadas no Fogar dos Maiores.

o 24 de marzo diferentes espazos da vila acollerán charlas, lecturas, coloquios e obradoiros impartidos por especialistas en sexoloxía, sexualidade e feminismo. Para fomentar a participación, as actividades son gratuítas e os días dos obradoiros haberá servizo de coidado de crianzas.

Allariz busca artistas para Semana Santa

A área de Promoción Económica do Concello de Allariz organiza a programación da Semana Santa ao Vivo, unha alternativa diferente que, conxuga arte, tradición e cultura. Este proxecto cultural abarca sobre todo música, de variados estilos, ademais doutras disciplinas artísticas susceptibles de realizarse na rúa, como danza, espectáculos de maxia e teatro, entre outras. Así o Concello de Allariz busca artistas que desexen actuar durante a Semana Santa nas rúas do casco histórico da vila para amenizar o paseo dos transeúntes. Para participar é preciso cumprir as bases de participación que poderán descargar na páxina web www.allariz.gal. Para máis información deben contactar coa área de Promoción Económica do Concello de Allariz a través do correo electrónico participa@allariz.com ou co teléfono 988 442 210.



Guía Gastronómica

Redacción O FARELO



Cafetería e Tapería Natalia na rúa Domingo Fontán de Ourense.

Dardos en Tapería Natalia

Natalia e José Antonio Mosquera acaban de abril a cafetería e tapería Natalia na rúa ourensá de Domingo Fontán, 13. Ademais de almozos por 1.50 euros, ofrecen menú completo de 8 euros e medio menú por 6.

A oferta se completa con bocatas e hamburguesas. Organizan ceas para grupos e celebracións sociais. Os vernes teñen liga de dardos, xogo que xunto co do fútbolín volve estar de moda nalgúns establecementos de hostalería de Ourense.

Volve o fútbolín aos bares

Volve aos bares de Ourense a práctica do fútbolín. A primeira patente do fútbolín data de 1880-1890 en Alemaña, onde se creou un modelo de pequenas dimensións cos xogadores coas súas pernas unidas. En España inventouse outro tipo de fútbolín cuxos bonecos tiñan as pernas separadas. A idea foi do galego Alejandro Campos Ramírez. Alejandro encargou ao seu amigo e

carpinteiro Francisco Javier Altuna a realización do primeiro fútbolín seguindo as súas instrucións. A invención patentouse en 1937.

En Bar Greco, de O Couto, celébrase unha liga de fútbolín na que interveñen oito equipos que xogan por parellas. O torneo dura catro horas e ao remate entreganse trofeos, dous por equipo, aos tres primeiros clasificados.



Partida de fútbolín por parellas no Bar Greco.



Novas da Raia

Redacción PONTEVEDRA

Conmemoración do centenario de nacemento de Evaristo de Sela, ensinante, poeta e tradutor da Ilíada e da Odisea ao galego, en As Neves

O pasado 2 de marzo, xoves, tivo lugar no IES Pazo da Mercé das Neves un acto académico conmemorativo do centenario do nacemento do eximio helenista e poeta Evaristo de Sela (Sela, 1917- Vigo 1994).

O acto deu comezo as doce da mañá, no salón de actos do Instituto coa asistencia do claustro de profesores e alumnos do Instituto, así como veciños da parroquia de Sela, localidade natal do homenaxeado. Fixeron uso da palabra, Xosé Abeilleira, director do centro e profesor de latín e grego do mesmo que versou a súa intervención sobre a figura de Evaristo de Sela no campo da tradución para troular ao galego a magna epopeia grega, así como o profundo coñecemento non só do grego clásico, se non do moderno

que o de Sela posuía para traducir a autores contemporáneos. A continuación interviu Agapito Valado, da Asociación Cultural Evaristo de Sela que destacou a agasallo que Evaristo donou a súa parroquia de nacemento, usando o topónimo desta como apelido literario, e a ilusión que amosou o autor de que os personaxes de Homero falaran a mesma lingua que os seus veciños de Sela.

Despois, Stella Maris González Balvuela, filla de Evaristo de Sela, na súa intervención recordou aos presentes as condicións nas que seu pai levou a cabo as derradeiras traducións nos derradeiros anos da vida con dificultades físicas que fixeron a súa labor moi lenta.

Para rematar o turno de inter-

vencións, José Francisco Gil, ca-

tadrático de grego da Universidade Complutense, natural de Santiago de Ribarteme, rendeu tributo a Evaristo de Sela, afirmando a tremenda difcultade que ten traducir a Homero, pois os termos, xiros, e usos do texto orixinal son dun grego moi arcaico que dificulta se cabe máis a súa tradución. Fixo Fixo fincapé na gran destreza e no profundo coñecemento tanto

da lingua grega como da galega de Evaristo de Sela para levar a cabo tamaña obra.

Como remate do acto, estreouse unha peza musical interpretada por alumnos de música do instituto que coa inestimable colaboración do profesor Anxo Abalde musicaron a letra do poema Paxariño do libro Versos de preso e outras rimas do homenaxeado.



O Concello do Porriño cede o Centro Cultural Alba á Asociación Cultural San Rosendo



Alcaldesa, Eva García de la Torre, en nome do Concello do Porriño, e Juan Carlos Otero Francés coma presidente da Asociación Cultural San Rosendo, veñen de asinar un convenio polo cal esta nova entidade disporá do uso das instalacións municipais do Centro Cultural Alba.

Dende xaneiro pasado,

logo dos problemas da anterior directiva que acabaron coa disolución daquela entidade e a fundación da nova, a mesma plantexara ao Goberno local a posibilidade de dispor destas instalacións para disfrute dos veciños de Torneiros, algo que dende agora xa é unha realidade.

A intención da nova asociación é iniciar canto antes

a programación de actos culturais, participativos e de lecer, abertos a participación de todas as porriñesas e porriñeses, en xeral, e especialmente dos cidadáns de Torneiros.


A súa intención é que o primeiro destes actos sexa o vindeiro día 11 de marzo que coincide coa celebración do día de San Rosendo.

A biblioteca do Porriño edita unha guía de documentos sobre Antonio Palacios

A Biblioteca Municipal do Porriño, entendendo que Antonio Palacios é probablemente un dos porriñeses máis insignes da historia da vila, ven de xuntar a maior cantidade de documentos escritos sobre a súa figura a través da 'Sección Local', coa pretensión de promocionar e difundir a súa obra, conservar para o futuro esta importante información e asegurar a súa consulta para todas as porriñesas e porriñeses.

Monografías, ata folletos turísticos, comunicacións de congresos, catálogos de exposicións, memorias de investigación, que se conqueriron por medio de compra, doazón ou préstamo, integran esta escolma adicada ao arquitecto quen, ademais de deixar algunhas mostras do seu traballo no Porriño- o edificio do Concello a máis representativa delas- esta soterrado na vila, como foi o seu desexo.

Froito desta labor a Biblioteca Municipal publica a guía de lectura "Antonio Palacios na Biblioteca do Porriño", coa referencia das decenas



de documentos que se foron xuntando ao longo de anos.

Parte deles están actualmente expostos nunha instalación da vitrina do 'Recuncho', localizada no vestíbulo da biblioteca, forrada con reproducións dos planos orixinais de construción do Concello do Porriño.

Novas da Raia


Redacción A CORUÑA

Viana Vaidosa - Evento de Moda

Com o apoio da Cámara Municipal de Viana do Castelo e da Associação Empresarial de Viana do Castelo, “Viana Vaidosa” é um evento de moda, arte, cultura e formação que visa valorizar e homenagear a área da moda em Viana do Castelo, através da descoberta de novos talentos e da promoção do comércio local. Realiza-se a 11 e 12 de março.

